



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 25 de abril de 2019, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica da EOXI de Santiago e Vigo, **NON CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

**INMUNOGLOBULINA humana 10% + HIALURONIDASA recombinante humana
(Hyqvia[®] vial sol. perfusión SC)**

De forma excepcional poderase valorar o seu uso de forma individualizada na indicación autorizada, nos seguintes tipos de pacientes:

- Pacientes de idade pediátrica, con contorna social domiciliaria adecuada para a súa administración, e dificultades para acudir regularmente ao Hospital de Día.
- Pacientes adultos, que presentan reaccións adversas graves á administración de inmunoglobulinas IV e/ou problemas de acceso venoso.

Indicación autorizada: Tratamento de substitución en pacientes con Síndromes de inmunodeficiencia primaria con alteración da produción de anticorpos, Hipogammaglobulinemia e infeccións bacterianas recorrentes en pacientes con leucemia linfocítica crónica nos que os antibióticos profilácticos non funcionaron ou están contraindicados, Hipogammaglobulinemia e infeccións bacterianas recorrentes en pacientes con mieloma múltiple, ou Hipogammaglobulinemia en pacientes antes e despois de someterse a un transplante alogénico de células nai hematopoiéticas.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2019

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Jorge Aboal Viñas

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

